

dossier de prensa

# as actas escuras

*de Roberto Vidal Bolaño*

*Dirección* Xúlio Lago



César Cambeiro Ricardo de Barreiro Ursia Gago Jouse García  
Mónica García Teté García César Goldi Xoán Carlos Mejuto Fernando Morán  
Xosé Manuel Oliveira «Pico» Rodrigo Roel Pepe Soto Agustín Vega Marcos Vieitez

Axudante de dirección: **María Armesto** Vestuario: **La Canalla** Música: **Manuel Riveiro**  
Deseño de luces: **Xúlio Lago, Antón Arias Marsal** Espazo escénico e atrezo: **Rodrigo Roel**

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO  
temporada 2009-2010

**as  
actas  
escuras** *de Roberto Vidal Bolaño*

TEATRO JOFRE DE FERROL

Sábado 3 de abril ás 20.30 h

**Prezo das entradas:** 10,00 € (cun desconto do 20% para menores de 16 anos, desempregados, persoas con discapacidade, xubilados e socios das asociacións culturais de Ferrol, sempre que acrediten a súa condición)

**Venda de entradas:**

> no Punto de Información Cultural (PIC) do Teatro: de 11.00 a 13.00 h e de 18.00 a 20.30 h; o día da función, ata as 20.30 h

> venda anticipada: a través da páxina web [www.ferrol.es/jofre](http://www.ferrol.es/jofre)

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO  
temporada 2009-2010

# as actas escuras

*de Roberto Vidal Bolaño*

Centro Dramático Galego  
Salón Teatro. Rúa Nova, 34  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 981 581 111  
[centro.dramatico.galego@xunta.es](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.es)

[www.centrodramatico.org](http://www.centrodramatico.org)

Comunicación. AGADIC  
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro  
15703 Santiago de Compostela  
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)  
[prensa.agadic@xunta.es](mailto:prensa.agadic@xunta.es)

[www.agadic.info](http://www.agadic.info)

## | ÍNDICE |

|                       |    |
|-----------------------|----|
| Presentación .....    | 4  |
| Ficha artística ..... | 5  |
| Funcións .....        | 6  |
| A obra .....          | 7  |
| Sinopse .....         | 8  |
| A produción.....      | 9  |
| O autor .....         | 10 |
| O director .....      | 12 |
| O elenco .....        | 14 |

## | PRESENTACIÓN |

*“Non lle dicir en tres séculos a tanta xentiña de Deus coma debeu vir a lle render culto a eses restos que, se cadra, non estaban aquí, ten un nome nada agradable do que se ocupa especificamente un dos santos mandamentos desa empresa para a que vostede traballa, meu tío” As actas escuras. Escena XV.*

*As actas escuras* é a obra dun gran mestre. Un apaixonante drama con personaxes inesquecibles. Con este texto, Roberto Vidal Bolaño obtén en 1992 o Premio Xacobeo de Textos Teatrais. A pesar de que as bases do certame recollían a edición do texto gañador, a obra non ve a luz até dez anos despois, cando é coeditada polo Concello de Santiago de Compostela e A Nosa Terra Edicións como recoñecemento do labor de Vidal Bolaño no rexurdimento do teatro galego.

Unha investigación de historiadores e teólogos, baixo a sombra da autoridade eclesiástica, sobre o misterio dos restos do Apóstolo. Que é o que se oculta aí dentro, baixo esa bela arquitectura, se é que hai algo? Os ríos de peregrinos de todo o mundo polo camiño de Santiago, ao longo de tantos séculos, onde foron, onde van hoxe mesmo? Que apodrece aí debaixo? O corpo de Prisciliano? Haberá outra cousa que o baleiro?

## | FICHA ARTÍSTICA |

|                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Autoría</b>                                 | Roberto Vidal Bolaño                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| <b>Dirección</b>                               | Xúlio Lago                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| <b>Produción</b>                               | Centro Dramático Galego                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| <b>Elenco</b><br>(por orde alfabética)         | César Cambeiro: <i>Un maleteiro, cóengo 1</i><br>Ricardo De Barreiro: <i>Casiano</i><br>Ursia Gago: <i>Patroa, leiteira, muller 2</i><br>Jouse García: <i>Limpabotas, cóengo 4</i><br>Mónica García: <i>Leiteira, muller 1, criada,</i><br>Teté García: <i>Rosarito, leiteira</i><br>César Goldi: <i>Rei Vicente, Labín, viaxeiro do tren</i><br>Xoán Carlos Mejuto: <i>Vendedor de xornais, cóengo 2,</i><br><i>home 2, camareiro</i><br>Fernando Morán: <i>Viaxeiro do tren, López Ferreiro</i><br>Xosé M. Olveira, <i>Pico: Don Mauro</i><br>Rodrigo Roel: <i>Viaxeiro do tren, cóengo 3</i><br>Pepe Soto: <i>Xan de Nartallo, O Tarelo</i><br>Agustín Vega: <i>Cardeal Payá e Rico</i><br>Marcos Viéitez: <i>Viaxeiro do tren, home 1, doutor</i> |
| <b>Axudante de dirección</b>                   | María Armesto                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| <b>Asistente produción e dirección en xira</b> | Raquel Araújo                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| <b>Espazo escénico e deseño de atrezzo</b>     | Rodrigo Roel                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| <b>Deseño iluminación</b>                      | Xúlio Lago & Antón Arias Marsal                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| <b>Deseño vestiario</b>                        | La Canalla                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| <b>Espazo sonoro</b>                           | Manuel Riveiro Hermo                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| <b>Maquillaxe e perruquería</b>                | Dolores Centeno                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| <b>Realización escenografía</b>                | Talleres AGADIC e Armesa                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| <b>Realización vestiario</b>                   | María Negreira, Cristina Cordido, Milagros<br>Reimúndez, Xastrería Movar, Susana Bouzón                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| <b>Realización máscara</b>                     | Fernando Llera                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| <b>Músicos</b>                                 | Harry C. (violín e viola), Dalibor Sebestik (violonchelo)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| <b>Prensa</b>                                  | Gabinete de Comunicación da AGADIC                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| <b>Caderno pedagóxico</b>                      | Ánxela Gracián                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| <b>Fotografía</b>                              | Tono Arias                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| <b>Deseño gráfico</b>                          | Fausto Isorna                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| <b>Gabinete de comunicación</b>                | Trisquelia                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| <b>Revisión lingüística</b>                    | Rossetta                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |

## | FUNCIÓNS |

### Santiago de Compostela

Salón Teatro: do 15 de xaneiro ao 7 de febreiro

**Estrea: venres 15 de xaneiro ás 21.00 h**

*Funcións xerais:*

venres 22 e 29 de xaneiro e 5 de febreiro ás 20.30 h

sábados 16, 23 e 30 de xaneiro e 6 de febreiro ás 20.30 h

domingos 17, 24 e 31 de xaneiro e 7 de febreiro ás 18.00 h

*Funcións escolares:*

mércores 20 e 27 de xaneiro e 3 de febreiro ás 10.30 h

xoves 21 e 28 de xaneiro e 4 de febreiro ás 10.30 h

### Narón

Pazo da Cultura: venres 19 de febreiro ás 20.30 h e domingo 20  
ás 20.00 h

### O Barco de Valdeorras

Teatro Lauro Olmo: venres 26 de febreiro ás 21.00 h

### Tui

Teatro Municipal: venres 5 de marzo ás 21.30 h

### Vigo

Centro Cultural Caixanova: mércores 17 de marzo ás 20.30 h

### A Coruña

Teatro Rosalía Castro: venres 19 e sábado 20 de marzo ás 20.30 h

### Ourense

Teatro Principal: sábado 27 de marzo ás 20.30 h e domingo 28  
ás 19.00 h

### Ferrol

Teatro Jofre: sábado 3 de abril ás 20.30 h

## | A OBRA |

Nestes tempos de democracia con liberdade de expresión e de pensamento que temos a fortuna de transitar, a manipulación da realidade, a utilización da mentira –ou a ocultación interesada da verdade, se se prefire expresalo así–, non parece ser un comportamento punible, nin sequera criticable se os que recorren a ela resultan ser altos representantes dos poderes públicos (póñanse aquí os que prefira cadaquén: poder político, local, provincial, estatal, poder económico, eclesiástico, cuarto poder...). Feos tempos estes que temos a fortuna de transitar.

Mais non calquera tempo pasado foi mellor.

Da ocultación da verdade tratan *As actas escuras*.

E do sentido ético. E da súa ausencia.

Unha complexa e apaixonante aventura escénica formulada desde o risco formal e o compromiso ético e político que presidiu sempre a escrita do noso gran dramaturgo e inesquecible amigo Roberto Vidal Bolaño.

Pretendemos ser fieis ao pensamento do autor e incorporar rigorosamente do mellor xeito que soube-  
mos un texto que cuestiona rotundamente a ocultación da verdade, ese uso que preside, parece que impunemente, moitos dos acontecementos da historia nosa de cada día.

A posta en escena desta peza resultou nunha viaxe das que deixan pegada, polos seus contidos e pola dificultade artístico-técnica, unha viaxe que estaría condenada ao naufraxio de non contar coa absoluta entrega e capacidade dun grande equipo humano servindo xenerosamente as altas esixencias de todo tipo que con *As actas escuras* nos deixou mandadas o autor.

Considero que a saída á luz da comunicación escénica desta peza inédita de Vidal Bolaño é, por moitas e variadas razóns, un acontecemento para a historia contemporánea do noso teatro, e quero deixar constancia do meu agradecemento a Cristina Domínguez, directora do Centro Dramático Galego naquel momento, por ofrecermos, a mediados do mes de xullo de 2009, a posibilidade deste encontro coa riqueza creativa de Vidal Bolaño dirixindo esta primeira posta en escena de peza tan significativa.

Xúlio LAGO  
*Director de escena*

## | SINOPSE |

Unha mañá de inverno a un Santiago de Compostela de finais do século XIX, sometido ao poder eclesiástico da Santa Basílica Catedral, chegan en ferrocarril, novo medio de transporte vindo de aparecer, o cura Don Mauro e o seu sobriño Casiano. A razón é o convite que recibe Don Mauro por parte da súa eminencia o cardeal Payá e Rico, máxima autoridade eclesiástica nesta Compostela balorecida e conservadora, dominada polo poder da Igrexa. A razón deste convite é a petición de avalar co seu prestixio a veracidade dos ósos soterrados na Santa Basílica Catedral, venerados durante séculos como os ósos do Apóstolo Santiago e postos en cuestión por algunhas voces disidentes. Don Mauro deberá redactar un informe co resultado das súas pesquisas; o dito informe será enviado a Roma para ser ratificado polo Supremo Pontífice, o Papa León XIII. Para esta tarefa tan delicada, Don Mauro faise acompañar de Casiano, mozo librepensador, licenciado en Xeografía e Historia, discípulo de Giner de los Ríos, formado na filosofía krausista e nas ideas liberais da Institución Libre de Enseñanza. Será precisamente o seu afán de busca da verdade, dende postulados científicos nunca antes cuestionados polo dogma da relixión, o que causará certas reticencias, tanto nos numerosos cóengos da catedral como nos outros representantes da curia eclesiástica e mesmo no propio cardeal Payá e Rico.

Con esta investigación como pano de fondo, a peza dá conta das fendas, feblezas, cinismos, intereses, mentiras e verdades incuestionadas dos distintos persoeiros da curia eclesiástica da Santa Igrexa Catedral, presididos polo cardeal Payá e Rico, que se nos presenta como un home intelixente pero consumido pola cobiza e o afán de grandeza e poder, que utilizará a verdade dos feitos como mellor lle conveña. Outro dos personaxes da curia relixiosa singularizados é Labín, home conservador que mesmo se negará a escoitar outra posible verdade, así como o arqueólogo López Ferreiro, unha alma sinxela de fe sincera, amigo do saber e cunha erudición notable que pon ao servizo da verdade, pero sen perder nunca o sentido do deber nin a súa fe católica.

Ao tempo que transcorre esta investigación, coñecemos o propio drama persoal do mozo Casiano, namorado de Rosarito, muller casada que se separou do seu home por ser vítima de malos tratos e que debe enfrontarse á busca dun traballo para vivir e, daquela, acaba por traballar de cupletista nun café. Esas dúas razóns (a da separación e a da profesión) fan que Rosarito sexa vista con malos ollos pola nai de Casiano e, xa que logo, nun primeiro momento por Don Mauro. O mozo, que representa as novas ideas dos liberais, a erudición científica, o poder da razón e a importancia dun pensamento libre, lonxe da contención que marca a Igrexa, intentará demostrarlle ao seu tío a verdade que agochan as aparencias. As conclusións ás que chegará Don Mauro, guiado pola súa propia análise dos feitos e polas investigacións do sobriño, non serán as esperadas polo estamento eclesiástico. A peza acaba nunha sorprendente aposta pola defensa da razón, da verdade e da beleza mundana e vital que se agocha nas palabras dun cuplé.

Ánxela Gracián (Gálix)  
Texto extraído do carderno pedagóxico de *As actas escuras*

## | A PRODUCCIÓN |

### Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral –compañía de teatro– adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro artístico de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega. Desde xuño de 2008, o CDG forma parte da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), entidade que sucede ao IGAEM segundo a Lei 4/2008 de 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, aprobada polo Parlamento de Galicia.

Nestes 25 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro, cunha media de tres producións por temporada, seguiron varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.


O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico da AGADIC (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestiario, etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia. Nel a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.

As últimas representacións do CDG foron *A boa persoa de Sezuán* (2008), de Bertolt Brecht con dirección escénica de Nuno Cardoso e *As dunas* (2009), peza escrita por Manuel Lourenzo como dramaturgo residente e dirixida por Quico Cadaval.

## | O AUTOR |

### Roberto Vidal Bolaño



O Dicionario da Literatura Galega define a Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002) como autor, director, actor e un dos promotores do teatro independente galego.

En 1974 funda a compañía teatral Antroido, que durante anos representa moitas das súas pezas. A súa actividade profesional estendeuse tamén ao cine e á televisión como guionista, actor, e en labores de produción e dirección.

Como escritor a súa é unha das producións máis importantes do teatro galego contemporáneo, merecedora do constante recoñecemento de xurados e crítica, aínda que non toda chegou a ser publicada e outra foi no en data moi tardía. *Laudamuco, señor de ningures* (publicada en 1977 na Ed. Pico Sacro) foi Premio Abrente 1976. Outras obras súas son *Ledaíñas pola morte do Meco* (1977), *Xaxara, Paniogas, Tarelo, o Rapaz e o Cachamón, ou como trocar en rato pequecho ao meirande xigantón* (Mención honorífica no III Concurso de Teatro Infantil O Facho), *Memorias de mortos e de ausentes* (Mención honorífica no Premio Abrente 1978), *Bailadela da morte ditosa* (Premio Abrente 1980 e publicada en 1992), e *Ruada das papas e do unto* (Mención honorífica no V Concurso de Teatro Infantil O Facho). En 1982, a compañía Antroido estreou *Touporroutou da lúa e do sol* (Ed. ASPG, 1996).

Con *Percival*, adaptación teatral de textos de Méndez Ferrín, Vidal Bolaño recibiu a Medalla de Ouro Ciudad de Valladolid ao mellor texto dun autor español vivo na temporada 1983-84. *O Romance dos figos de ouro* foi estreada por Antroido no 83 e *Agasallo de sombras* polo Centro Dramático Galego en 1984; *Caprice des Dieux* foi posta en escena por Antroido en 1985 e *Cochos* en 1988 por Uvegá Teatro.

En xeral, o teatro de Vidal Bolaño caracterízase por un forte simbolismo e pola combinación entre elementos da tradición popular galega con outros tirados da realidade sociocultural do momento. O ton farses-

co disimula escasamente unha amarga e sombría crítica desa realidade. A obra de Vidal Bolaño foi evolucionando desde o evidente compromiso antifranquista das primeiras pezas a unha sorte de neocostumismo feísta, unha variedade teatral do “dirty-realism” que se atopa, sobre todo, en *Cochos* e *Saxo tenor*, Premio Álvaro Cunqueiro 1991.

En *Días sen gloria*, Premio Rafael Dieste 1992 e finalista do Premio Nacional de Literatura Dramática, Vidal Bolaño amosa de novo a súa capacidade para tratar dun xeito orixinal temas que se prestarían doadamente ao tópico grandilocuente.

Con *As actas escuras* obtén en 1992 o Premio Xacobeo de Textos Teatrais; e con *Réquiem* –versión española de *Doentes*– é finalista na edición de 1995 do premio de teatro Tirso de Molina, obtendo en 1997 o Premio Rafael Dieste. Así mesmo, foi galardoado co Premio María Casares ao mellor texto orixinal por *Anxeliños* e co Premio Xiria ao labor teatral.

Como director da compañía Teatro do Aquí levou a escena montaxes como *Anxeliños*, *Oé, oé, oé*, *A ópera de a patacón*, *Días sen gloria*, *Saxo tenor*, *Criaturas* –pola que foi recoñecido co Premio Max ao mellor autor teatral en galego–, *Os papalagui* e *Animaliños*.

Entre os seus últimos traballos como director figuran tamén *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, de Daniel Cortezón, montado polo Centro Dramático Galego en 1999, e *Rosalía*, de Ramón Otero Pedrayo (CDG, 2001). Ademais, a compañía institucional tamén puxo en escena outras dúas obras escritas por Vidal Bolaño: *A burla do galo*, dirixida por Xan Cejudo no ano 2000; e *Mar Revolto*, dirixida por José Martins en 2001 e coproducida xunto co Teatro do Noroeste de Viana do Castelo, a Compañía de Teatro de Braga, o Festival Internacional de Teatro de Expresión Ibérica (FITEI) e o Festival de Teatro do Eixo Atlántico (Festeixo).

## | O DIRECTOR |

### Xúlio Lago



Director de escena, actor e iluminador, Xúlio Lago foi promotor dos grupos Esperpento (Vigo, 1970-1974), La Picota (Madrid, 1970-1974) e Teatro da Mari-Gaila (Santiago, 1978-1984), cos que levou a escena unha decena de espectáculos teatrais.

En 1984 dirixe e realiza a dramaturxia de *Woyzeck*, de G. Büchner, primeira produción do CDG, e en 1985, tras unha estadía de cinco meses no Centro Dramático Nacional, promove a creación de Teatro do Atlántico, compañía que continúa a dirixir na actualidade.

Con Teatro do Atlántico, asumiu a dirección escénica dos espectáculos *Xoana*, de Manuel Lourenzo; *A marabillosa historia de Marly, a vampira de Vila de Cruces*, de Carlos Queiroz (dirección e interpretación); *Quartett*, de Heiner Müller (dirección e interpretación); *Eu, Gulliver Ferreiro*, de Celso Emilio Ferreiro (dramaturxia, dirección e interpretación); *Liberdade Bremana*, de R.W. Fassbinder; *Historia de Neera*, de Roberto Salgueiro; *Ocasos*, textos de M. Yourcenar e M. Lourenzo; *Non se chora*, de Roberto Cossa; *Tolos de amor*, de Sam Shepard; *Casa de bonecas*, de Henrik Ibsen; *A noite das tribades*, de Olov Enquist; *Amor de don Perlimplín*, de García Lorca; *Vellos tempos*, de Harold Pinter; *O cerco de Leningrado*, de Sanchís Sinisterra; *Solo para Paquita*, de Ernesto Caballero; *Pervertimento*, de Sanchis Sinisterra; *Ecos e voces dun tempo e dun país*; e *Vanzetti*, de Luis Araujo. En todas as montaxes que dirixiu, realizou ademais o deseño da iluminación.

Tamén como director, traballou nos espectáculos do CDG *A noite vai como un río* de Álvaro Cunqueiro, *A fiestra valdeira* de Rafael Dieste e *Seis personaxes na procura de autor* de Luigi Pirandello. Para a compañía institucional encargouse, así mesmo, da iluminación en *Follas novas*, de Rosalía de Castro, e *Un refaixo pra Celestina*, de Eduardo Blanco Amor. Nesta última montaxe tamén participou como actor, do mesmo xeito que en *A burla do galo*, de Roberto Vidal Bolaño; *Rosalía*, de Otero Pedrayo, *Daquel Abrente (O velorio, de*

*Francisco Taxes*), e *Ricardo III*, de Shakespeare. Xúlio Lago dirixiu, asemade, para a compañía portuguesa Teatro do Noroeste, de Viana do Castelo, *O inimigo do pobo*, de Ibsen, e *Executor 14*, de Adel Hakim.

Durante dez anos exerceu como actor e director de dobraxe para cine e televisión. No sector audiovisual participou, ademais, na película para televisión *Cristian*, da directora alemá Gloria Keller, e nas longametraxes *O lapis do carpinteiro*, de Antón Reixa; *Entre bateas*, de M. Coira; *El rey del río*, de Gutiérrez Aragón; *Condenado a vivir*, de Roberto Bodegas; *Dame algo e A promesa*, de Héctor Carré; *O baile das ánimas*, de Pedro Carvajal; e *Unha muller invisible*, de Gerardo Herrero. Tamén ten intervindo en varios capítulos das series *Pratos combinados*, *Terras de Miranda*, *Mareas vivas* e *As leis de Celavella*, emitidas pola Televisión de Galicia.

Entre os seus últimos traballos destacan a dirección dos espectáculos *O encoro*, de Conor McPherson e *A raíña da beleza de Leenane*, de Martín McDonagh, posto en escena por Teatro do Atlántico, e *As últimas lúas* de Furio Bordon para Lagarta Lagarta, ademais da súa interpretación en *Molière final*, de Roberto Salgueiro, coa compañía Talía Teatro.

Mención especial merece a súa dirección da obra *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure, posta en escena por Teatro do Atlántico, que foi galardoada co Premio María Casares 2009 ao mellor espectáculo, mellor dirección, mellor iluminación e mellor texto orixinal. Nestes momentos, Teatro do Atlántico representa *O xogo de Ialta / After play*, de Brian Friel, tamén baixo a súa dirección.

Entre os galardóns que recibiu Xúlio Lago, destacan tamén o Premio Compostela 1991 á mellor dirección por *Historia de Neera*, o Premio María Casares 1996 á mellor dirección por *A noite das tribades*, e o Premio Xiria ao Labor Teatral 1996. En 2005 volveu ser recoñecido co Premio María Casares á mellor dirección por *O encoro* e o Premio María Casares 2007 á mellor dirección por *A raíña da beleza de Leenane*, así como o Premio de Honra Abrente 2007.

## | O ELENCO |

### César Cambeiro

#### *Un maleteiro, cóengo 1*



Actor de teatro, cine e televisión, inicia a súa actividade profesional nos anos 80 dentro do grupo de títeres e de teatro infantil Petón da Fox (*O tesouro da Raíña Lupa* e *Pallasín Pallasete*) e do grupo Birimbau (*O cabaleiro inexistente*). Tras ser membro fundador de Teatro do Adro e poñer en escena a montaxe *Petición de man* (1994), sobe aos escenarios con diversas compañía teatrais como A. T. Coruñesa, Teatro do Atlántico, Traslús, Teatro Galileo ou Os Quintilláns nas obras *El puñal del godo* (1995), *Don Juan Tenorio* (1995), *A noite das tribades* (1996), *Flores de papel* (1997), *Medianoite* (1999), *Esperando a Godot* (1999), *Gulliver* (2000), *Servidor de dous anos* (2004), *O divertimento do Rei* (2005), *García* (2005) ou *O avaro* (2006).

Ademais interveu en catro das producións do Centro Dramático Galego: *Os vellos non deben de namorarse* (2000), *A cacatúa verde* (2001), *Rosalía* (2001), *Daquel abrente: Laudamuco. Señor de ningures* (2003) e *A boa persoa de Sezuán* (2008).

No ámbito televisivo está unha das súas principais áreas de traballo, pois, ademais de contar con papel fixo en varias producións autonómicas como *Terra de Miranda* e *Pequeno Hotel*, actuou nas teleseries *Valde-rei*, *O bosque de levas*, *Música secreta*, *La Atlántica*, *Pataghorobí*, *Rías Baixas*, *Un mundo de historias*, *Galicia exprés*, *Mareas vivas*, *Pratos combinados...* Tamén tivo roles episódicos en teleseries de canles privadas españolas como *El Comisario*, *Policías* ou *Periodistas*.

En cine, participou nos filmes *La noche que dejó de llover* (2007), *El menor de los males* (2006), *Siete mesas* (2006), *Adeus Estrada* (2006), *De bares* (2005), *Heroína* (2004), *Mar adentro* (2003), *Los lunes al sol* (2001) e *Illegal* (2001).

## Ricardo De Barreiro

### Casiano



Actor e narrador oral, iniciouse no mundo do teatro con compañías da escena afeccionada, actuando en *De cando os ingleses invadiron Noia* (Teatro do Curro), *A lebre das ánimas* de Eduardo Blanco Amor (Teatro do Curro), *A parada de Rafael Portillo* (Teatro de Adro), *Un día de espías* de Ignacio del Moral (Teatro do Curro), *Luces baixo a area* (Apeirón Teatro), *Talmente estándar* de Ricardo de Barreiro, *Orzowei* de Ricardo de Barreiro, *Merda*, de Ricardo de Barreiro, Rafael G. García e Xavier Estévez, así como nas lecturas dramatizadas *O serodio remordemento do amor* de Xavier Lama (dirixida por Artur Trillo), *O último roedor* (Cándido Pazó), *Ás veces neva en abril* de João Santos Lopes (Rosa Álvarez) e *A Ponte* (Cándido Pazó). En 2007, interpretou o papel de *Guzmán* na obra *A piragua*, escrita e dirixida por Cándido Pazó para o CDG e reestreada en 2009 pola compañía Abrapalabra.

Realizou múltiples traballos para diferentes series de ficción da Televisión de Galicia e colaborou tamén en programas de produción propia da mesma canle, como *Padre Casares*, *Matalobos*, *Rías Baixas*, *Galicia exprés*, *Encontros*, *Miña sogra e máis eu*, *A vida por diante*, *O show dos tonechos*, *Zapping comando*, *Avenida de América*, *Terra de Miranda*, *Pequeno Hotel*, *Fíos*, *Máxima Audiencia*, *Gala Xacobeo 2004*, *Esto é noticia ou Luar*. Mesmo participou nalgún episodio das series *El comisario* e *Hospital Central* de Tele 5, así como en *Los hombres de Paco*, *Lex* e *Doctor Mateo* de Antena 3.

Canto ao cinema, participou nos filmes *18 Comidas*, de Jorge Coira; *Pájaros de papel*, de Emilio Aragón; *Celda 211* de Daniel Monzón; *After* de Alberto Rodríguez; *Carlitos* de Jesús del Cerro; *Los girasoles ciegos*, de José Luis Cuerda; *Pradolongo*, de Ignacio Vilar e *Siete mesas de billar francés* de Gracia Querejeta. Igualmente interveu en diversas curtametraxes: *Inútil* de Paco Rañal, *Non sei* de Óscar Sendón, *Boa sorte?* de Ramón Campos e Ramón Agra, *Lobos* de Daniel de la Torre, *Esperando el momento* de Jorge Saavedra, *Mil estrelas*, de Daniel Trillo, *Servicio a domicilio* de Jorge Saavedra, *Fotomatón*, de Tamar Novas; *Sen chumbo*, de Julio López e Jorge Saavedra e *Buenos días* de Daniel de la Torre, pola cal obtivo o premio ao Mellor Actor de Curtametraxes no Festival de Cans 2006.

## Ursia Gago

*Patroa, leiteira, muller 2*



Actriz de teatro e cine, a súa actividade escénica dá comezo da man de Roberto Vidal Bolaño e Teatro do Aquí, compañía coa que, entre 1994 e 1998, intervén nos espectáculos *Anxeliños*, *O desengano do priorio*, *Touporroutou da Lúa e do Sol* e *A ópera de a patacón*.

A súa experiencia profesional amplíase cos seus traballos interpretativos nas montaxes *A viaxe de Lola* (Alalá Producións, dirixida por Cristina Domínguez, 1998-2000), *Insomnio* (Cachuzo Teatro, dirixida por Carlos Losada, 2003), *O ano do cometa* (CDG, dirixida por Quico Cadaval, 2004) e *Polas gracias de Dios*, da que é autora xunto a Carlos Losada e que dirixiu Cristina Domínguez en 2005. Ese mesmo ano, Ursia Gago traballou como axudante de dirección en *Tío Vania*, espectáculo producido por A Factoría Teatro. En 2006 participou na produción do CDG *O regreso ao deserto*, de Bernard-Marie Koltès baixo a dirección de Cristina Domínguez.

En cine, participou nos filmes *El rey del río* (Manuel Gutiérrez Aragón, 1994), *A danza de Katiuska* (Alfonso Zarauza, 1997) e *La lengua de las mariposas* (José Luis Cuerda, 1998), así como nas curtametraxes *La edad oscura* (Sergi Esguevas), *Monopolis* (Iván Romero) e *Un banco en el parque* (Pedro Lorca), todos eles realizados entre 2001 e 2002.

Cursou estudos de interpretación no Centre d'Estudis Cinematogràfics de Catalunya e na Escola de Teatro e Danza Espacio Aberto, ademais de asistir a diferentes cursos monográficos de teatro, danza contemporánea, expresión oral e corporal, e canto con Hisako Horikawa, Beatriz Fuentes, Andrés Corchero, Ramón Bermejo, Cristina Domínguez, Leonor Agudelo, Diane Arvanites, Elena Córdoba e Carlos Marquerie, Manuel Lourenzo, Dorotea Bárcena e John Easthman, entre outros.

Jouse García

*Limpabotas, cóengo 4*



Titulado en Arte Dramática polo Instituto do Teatro e das Artes Escénicas de Xixón, a súa traxectoria teatral comeza en Asturias a finais da década dos oitenta. En 1996 funda no Carballiño, xunto a Josi Lage, a compañía teatral Nove-Dous, coa que leva a escena as montaxes *Ás veces sentémonos tan cansos...*, de Rodrigo García (2007); *Fóra de xogo*, de Maxi Rodríguez (2007); *Edipo*, de Sófocles (2006); *Ondas*, de Maxi Rodríguez (2004); *O porqué das cousas*, de Quim Monzó (2003); *Historias mínimas*, de Javier Tomeo (2001); *Rexurdimiento, coplas de cego*, de Afonso Becerra de Becerreá (2000); *Crimes anónimos*, baseada en textos de Max Aub (1998); e *Sobre o dano que fai o tabaco*, baseada nun texto de Antón Chéjov (1997).

En 2002, estrea o seu espectáculo *Misaclow* e participa en *Vanzetti*, de Luis Araujo, que puxo en escena Teatro do Atlántico. Tamén actúa con Ollomoltranvía en *Policía* de Slamowie Mrozeck (2001) e *Os carros do camiño* (1999) e para o Centro Dramático Galego intervéen en *Seis personaxes á procura de amor*, de Luigi Pirandello, que lle valeu o Premio María Casares 2006 ao mellor actor secundario. En 2009 sobe ao escenario con *O día do pai*, de Ana Graciani e Gabriel Olivares, para a Compañía Malasombra (dir. Marcos Orsi).

En Asturias, ten traballado cos grupos Quiquilimón (*El guiso del chef*, de R. Cousse, 1995; *El desván de la tía Enriqueta*, 1994; *El caballero de la triste figura*, 1993; e *Vas, Basi, Basilisco*, 1993), Toaleta Teatro (*Oé, oé, oé*, de Maxi Rodríguez, 1994); Teatro del Norte (*La tragedia de Edipo*, de Sófocles, 1991; *La Comedia del Arte*, 1989; *El retablillo de Don Cristóbal*, 1988; *El marinero, la doncella y el estudiante*, de Federico García Lorca, 1988; e *El mío coito o la épica del BUP*, de Maxi Rodríguez, 1988); o Grupo de Teatro do ITAE (*La cola del difunto*, de Miguel Medina Vicario, 1992; *El hígado jodido y el corazón roto*, de Charles Bukowsky, David Ma-met e Segi Belbel, 1991) e o Grupo Llercia (*Mundo, demonio e carne*, 1987).

En televisión, participa nas series *Pratos combinados* e *Rías Baixas*, emitidas por Televisión de Galicia.

Noutras facetas profesionais, ten unha ampla experiencia como profesor e monitor teatral, impartindo cursos en asociacións, colexios e institutos, concellos etc.

## Mónica García

*Leiteira, muller 1, criada*



Actriz de teatro e cine, a súa actividade escénica dá comezo con Chévere, compañía coa que, entre 1990 e 1994, intervén nos espectáculos *I Congreso Internacional de Monstros*, *A vida rosa*, *Acibeche*, *Río Bravo 02*, *Bing Bang* e *Cabaret Tan-Tan*.

A súa experiencia escénica ampliase cos seus traballos interpretativos nas montaxes *Squash* (Compañía Marías dirixida por Quico Cadaval, 1995), *Bailando en verán* e *As Troianas* (Cía. Espello Cóncavo con dirección de Arturo López, 1996 e 1997) ou *Estación Mahagonny* (Teatro do Noroeste; Jorge Castro Guedes, 1998).

Para o CDG traballou anteriormente en *A boa persoa de Sezuán* (2008), *Os espectros* (2002), así como no ciclo *Valle Inclán 98* (en coprodución co Centro Dramático Nacional e co Centro Dramático de Viana do Castelo, 1998) actuando en tres das catro producións que formaban parte deste espectáculo: *La cabeza del Bautista* (dirixida por Helena Pimenta), *El embrujado* (dir. Eduardo Alonso) e *Las galas del difunto* (dir. por Xosé Martins).

Mónica García ten intervindo tamén en *Qui pro quo*, da compañía Ollomol Tranvía baixo a dirección de Evaristo Calvo (1999), *Os carros do camiño*, da compañía G.P.D. Shows & Theming (2000), *Os homes só cantan até tres* (Factoría Teatro, 2005), *Tentacular* (Chévere, 2006) e *Comida chinesa* (Teatro do Adro, 2007).

Canto ao audiovisual, participou nas longametraxes *One day in Europe* (2005), *Para que non me esquezas* (2004), *Los lunes al sol* (2001), *O lapis do carpinteiro* (2001), *Sei quen es* (1999) e *Continental* (1989), así como nas series de televisión *Fútbol de alterne*, *90-60-90*, *O Club da Calceta*, *A mariñeira*, *Valderrei*, *Pillados*, *Terras de Miranda*, *A vida por diante*, *A biblioteca de Iguana*, *Un mundo de historias* e *Pratos combinados*.

Entre os premios que recibiu cómpre destacar o premio María Casares á mellor actriz secundaria por *Espectros* (2003) e *Bailando en verán* (1997), así como o Premio AGAPI á mellor intérprete feminina pola curtametraxe *Aínda máis difícil* (1999).

## Teté García

### *Rosarito, leiteira*



Inicia a súa incipiente actividade profesional como actriz de teatro con Balea Branca Produccions coa cal colaborou nas montaxes *Ay Carmela* (2003), *Defensa de Dama* (2005) e *Antaviana* (2006), as tres baixo a dirección de Damián Contreras.

En 2007, forma parte do elenco de *Anunciada e Arribada do Descubrimento*, de Avelino Sierra con dirección de Mónica Sueiro, así como de *Ifixenia en Áulide* para Arela das Artes con dirección de Charo Amador. Igualmente, participa en *Satie*, (dir. por Xosé Manuel Esperante e Diego García para Fartura Teatro), espectáculo teatral-musical baseado en textos e música do compositor e pianista francés.

Completan a súa traxectoria interpretativa a súa intervención nas obras *A ópera de a patacón*, de Roberto Vidal Bolaño (Compañía Musical e Os Titinautas, 2008) con dirección de Lino Braxe, *Brand* (Cámaranegra Teatro, 2008) e recentemente, *Expostas* (2009, Inversa Teatro), un texto de creación propia xunto con Vaneza Sotelo, Marta Pérez e Rosa Puga Davila.

Noutras facetas escénicas, traballou nas curtametraxes *Clic* (2009) e *Habitación 311* (2008) para a Facultade de Comunicación Audiovisual de Pontevedra; *O Cazador* (2007) de Ángel Santos Touza; *Aniversario* (2007) de Daniel Cid; *El testigo* (2006) de Daniel Cid; e *Enemicísimo* (2004) de Juanchis Lee.

## César Goldi

*Rei Vicente, Labín, viaxeiro do tren*



Actor de teatro, cinema e televisión, nos últimos dez anos traballou en sete espectáculos producidos por A Factoría Teatro: *Tío Vania* (2005), *Coitelos nas galiñas* (2001), *As presidentas* (2000), *A casa de América* (1998), *Para o leste do Gantry* (1997), *Cantos, contos, contas* (1995) e *Na soidade dos campos de algodón* (1995), de Bernard-Marie Koltès.

Co Centro Dramático Galego, formou parte dos elencos de *A piragua* (2007), reestreada en 2009 pola compañía Abrapalabra, *O regreso ao deserto* (2006), *A comedia do Gurgullo* (2003), *Rosalía* (2001) e *A Lagarada* (1992). Participa tamén no espectáculo *The Magical Brothers*, escrito e dirixido xunto a Luis Tosar e Piti Sanz, ademais de nas montaxes *Caperucitoloxía* da compañía Contra-Contos (1999), *¿Eres tú, Pancho Villa?* de De Fabulous Perrallas (1994), *Escola de bufóns* de Ollomoltranvía (1996), e *O desengano do prioiro* e *Saxo tenor* de Teatro do Aquí (1995 e 1993, respectivamente).

En televisión desenvolveu papeis protagonistas en *Mareas vivas*, *Un mundo de historias*, *Machiños*, *Canalón* e *Cuarto sen ascensor*, ademais de participar en varios episodios de *Pratos combinados*, *Galicia Exprés*, *Petra Delicado*, *El Comisario*, *Cuéntame*, *Terras de Miranda*, *Pepe o inglés*, *Plutón B.R.B.Nero*, *Padre Casares* e *O Nordés*. Foi tamén presentador e cantante nas Xabaxiras do Xabarán Club, realizou sketches para o espazo *Por fin ya es viernes... o no*, producido por Globomedia, e interveu nos filmes para televisión *Pataghorobí* e *Chapapote, o no*.

Canto ao cinema, traballou como actor de reparto nas longametraxes *Sei quen es*, *Lena*, *O regalo de Silvia*, *El año de la garrapata*, *Un día en Europa* e *El rey de los huevones*, e participou nas curtas *A proba*; *A ti como se che di adeus*; *Antonio*, *Jorge e Luis*; *Aerolito*; *La verdad si no miento*; *Las rubias los prefieren caballeros*; *El último peldaño*, e *Retrato*.

Ademais da súa formación como alumno da Aula de Teatro e do Curso de Especialización en Arte Dramática da Universidade de Santiago, con mestres como Jacques Nichet, Claude Buchvald, Thomas Leabhart e Manuel Lourenzo, asistiu, entre outros, a cursos monográficos impartidos por Fabio Mangolini (Commedia del Arte), Leo Bassi e Eric de Bont (clown, bufón), Martin Adjemian e Augusto Fernández (interpretación).

## Xoán Carlos Mejuto

*Vendedor de xornais, cóengo 2, home 2, camareiro*



Procedente do teatro afeccionado, comeza a súa traxectoria no grupo escolar Sardiña (A Coruña, 1986-1993) e, a continuación, forma parte da Aula de Teatro da USC (1993-1995) colaborando nas montaxes *Can-do chega decembro*, *Matalobos* e *King Kong Palace*, baixo a dirección de Roberto Salgueiro. Nesta época, iníciase tamén no campo da dirección escénica dirixindo as pezas *Luces de Bohemia*, para Hipogrifo Violento Clube da Universidade da Coruña, *A sensación de Camelot* para o Aula de Teatro do Campus de Ferrol e codirixe *O Campo* para o grupo Hac Luce da Universidade da Coruña.

A súa primeira experiencia profesional foi en 1993 coa compañía Elsinor Teatro, desenvolvendo un papel protagonista na obra *Mario e Manfredo*, escrita e dirixida por Manuel Lourenzo. Un ano despois, entrou a formar parte de Teatro do Aquí, compañía coa que interveu baixo as ordes de Roberto Vidal Bolaño nas obras de *A ópera de a patacón* (1994), *O touporroutou da lúa e do sol* (1994), *Anxeliños* (1997) e *Rastros* (1998), así como en *O desengano do prioiro* (1995) de Ramón Otero Pedrayo e *Oé, oé, oé* (1996) de Maxi Rodríguez. Tras a morte do dramaturgo e director teatral, Mejuto formou parte do elenco de *O cabodano* (2003) de Euloxio R. Ruibal (Dirección de Rubén Ruibal), *Camiño longo* (2004) e *A ópera de a patacón* (2006) de Roberto Vidal Bolaño. (Dirección: Marcos Orsi). En 1997 funda a súa propia compañía, Teatro da bufarda, coa que pon en escena os seus textos *O xardín das pernas roubadas*, *Rei Lear*, *Tres, tres, tres* e *A boneca de trapo*, así como *Anfitrión*, de Plauto.

Para o Centro Dramático Galego interveu nas producións *Xelmírez ou a gloria de Compostela* (dir. Roberto Vidal Bolaño, 1999), *Os vellos non deben de namorarse* (dir. Manuel Areoso, 2000) e *Rosalía* (dir. Roberto Vidal Bolaño, 2001).

Recentemente, participou en *Unha primavera para Aldara* (2008) e *Pervertimento* (2002) ambas as dúas con Teatro do Atlántico baixo a dirección de Xúlio Lago e Zardigot (Espello Cóncavo, 2007). Asemade, para a pequena pantalla, traballou nas series da Televisión de Galicia *Cuarto sen ascensor*, *Valderrei*, *Terras de Miranda* e *Os Atlánticos*.

Na súa faceta como dramaturgo, produciu os textos *Celeste*, *O xardín das pernas roubadas*, *Rei Lear*, *Cartas ao lixo*, *Tres, tres, tres*, e os cortos *Unha misión humanitaria*, *A consulta* e *A boneca de trapo*.

## Fernando Morán

*Viaxeiro do tren, López Ferreiro*



Actor de teatro, cine e televisión, posúe unha dilatada traxectoria sobre as táboas, que inicia en 1968. Desde entón ten participado en montaxes de compañías como Espello Cóncavo ou Galileo, interpretando e dirixindo.

Como integrante de Galileo Teatro, colaborou nas últimas producións da compañía: *Rosso profondo in punto di morte* (2007), *O divertimento do rei* (2005), *Servidor de dous anos* (2004), *O médico á forza* (2003), *Ruzzante* (2002) e *A garda coidadosa* (2001), todas elas baixo a dirección de Pedro Rubín. Asemade, para Espello Cóncavo interveu baixo a dirección escénica de Arturo López en *Tres no bambán* (2000) e protagonizou *Anxeliños* (en 2008), de Roberto Vidal Bolaño, o seu máis recente traballo interpretativo.

Nos últimos cinco anos, actuou nos filmes *Fútbol de alterne* (2009), *Los muertos van deprisa* (2008), *Pra-dolongo* (2007) e *Gutbai, Charly* (2007), así como nunha vintena de curtametraxes: *As almas do Fental* (2009), *Campás* (2008), *Quero o meu balandro* (2008), *Asteroideen antzokian artista erahila* (2008), *Isto é absurdo* (2007), *Norutol (vía oral)* (2007), *Automóbil* (2007), *Exilio* (2007), *Reencuentro* (2007), *O equipo ascensor* (2007), *Holocausto Aviar* (2007), *Prisas* (2007), *O Gaiteiro* (2007), *Sueños* (2007), *Rosa dos ventos* (2006), *Empantanados* (2006), *Lembrar* (2006), *A solo un café* (2006), *O Ronsel* (2006) e *Cousa de familia* (2005).

Na súa experiencia audiovisual, tamén realizou traballos de figuración nas series da Televisión de Galicia *Libro de familia*, *Última hora*, *Matalobos*, *Os Atlánticos*, *Padre Casares*, *A vida por diante*, *As leis de Celavella*, *Rías Baixas* e *Pratos combinados*.

## Xosé Manuel Olveira, *Pico*

### *Don Mauro*



Comezou a súa carreira profesional como actor de teatro en 1972 dentro do grupo de teatro de cámara Ditea, dirixido por Agustín Magán, co cal colaborou en máis de quince montaxes. Desde aquela, entre os numerosos papeis escénicos que interpretou destacan os desenvolvidos para o CDG: *A noite vai como un río* (1986), *A Pou-sadeira* (1987), *O mozo que chegou de lonxe* (1988), *O arce do xardín* (1989), *Yerma* (1990), *O incerto señor don Hamlet* (1991), *A Lagarada* (1992), *Leoncio e Helena* (1993), *A fiesta valdeira* (1994), *Nin me abandonarás nunca* (1995), *Viaxe e fin de don Frontán* (1995), *Nau de Amores* (1995), *Hostia* (1996), *Como en Irlanda* (1996), *Lisís-trata, ou cando as mulleres reviraron* (1997), *O peregrino errante que cansou ao demo* (1997), *O bufón de El Rei* (1997), *Memoria de Antígona* (1998), *Si o vello Simbad volvese ás illas* (1999), *Calígula* (2000), *O ano do cometa* (2004), *Ricardo III* (2005), *A piragua* (2007) reestreada en 2009 pola compañía Abrapalabra, e *Noite de Reis. Ou o que queirades* (2007).

Tamén ten participado noutros espectáculos de compañías profesionais como O Mourcho Clerc en *Na fraga do conde* (1987-1988), *A caza do snark* (1989-1990) e *O rouxinol da Bretanha* (1990-1991), así como en *Na casca dunha árbore* (Kukas Produccións, 1992), *Saxo tenor* (Teatro do Aquí, 1992-1993), *A Vía Láctea* (Produccións Máxicas, 1993), *Golfos de Roma* (O.M.Teatro, 1994), *Cartas de amor* (Lagarta, Lagarta, 2000), *O binomio de Newton* (Teatro de Adro, 2001) e *Aeroplanos* (Lagarta, Lagarta, 2008).

As catro primeiras producións cinematográficas en que participa están dirixidas por Chano Piñeiro, 25 filmes a partir de mediados dos anos 80 con directores como Pedro Carvajal, José Luis García Sánchez, Mario Gas, José Luis Cuerda, Gracia Querejeta, Antón Reixa, Rafael Moleón, Jorge Coira, Alex Sampaio, Luis Avilés, Gutiérrez Aragón, Ramón Costafreda, Alejandro Amenábar etc., aínda que é máis coñecido pola súa faceta humorística en programas como *O veciño do xoves* ou teleseries como *Os outros feirantes*, *Pratos combinados*, *Mareas vivas*, *A vida por diante* da TVG, *El Comisario* e *Hospital Central* (estas dúas de Tele 5).

Entre os premios que recibiu cómpre citar o Premio María Casares 1999 ao Mellor Actor Protagonista por *Si o vello Simbad volvese ás illas*, o Premio María Casares 2000 ao Mellor Actor Secundario por *Calígula* e o Premio María Casares 2002 ao Mellor Actor Protagonista por *Binomio de Newton*. Foi nomeado para o Mellor Actor Protagonista María Casares 2005 por *Ricardo III*.

## Rodrigo Roel

### Viaxeiro do tren, cóengo 3



Iniciouse como actor de teatro profesional en 1975 dentro do grupo de teatro Komos, da Universidade Laboral da Coruña, co cal colaborou nas montaxes *Don Quijote libertado* e *Sodomaquina*. Desde aquela, entre os numerosos papeis escénicos que interpretou destacan os desenvolvidos para o CDG: *Caderno de bitácora* (1985), *Almas perdidas* (1987), *O Mariscal* (1994), *Daquel abrente* (2003) –produción que xuntaba as pezas *Laudamuco, señor de ningures* e *O velorio*–, *Ricardo III* (2005) e *As dunas* (2009).

Tamén ten participado noutros espectáculos de compañías profesionais como Teatro do Antroido en *Laudamuco, señor de ningures* (1978), *Memorias de mortes e de ausentes* (1978) *O touporroutou da lúa e do sol* (1982), *Percival* (1983), *O romance dos figos de ouro* (1983) ou para O Moucho Clerc en *Da Vinci levaba razón* (1986), *Na fraga do conde* (1988), *A caza do snark* (1991), *O rouxinol da Bretaña* (1992) e *Os tres erres* (1993).

Igualmente, interveu nas montaxes *Saxo tenor* para Teatro do Aquí (1993), *Molière final* (Talía Teatro, 2004), *Zardigot* e *Anxeliños* (Espello Cóncavo, 2007 e 2008 respectivamente), así como nos filmes *Sempre Xonxa* (dirixido por Chano Piñeiro, 1989), *A metade da vida* (dir. Raúl Veiga, 1993), *Dame lume* (dir. Héctor Carré, 1993), *O lapis do carpinteiro* (dir. Antón Reixa, 2001) e *León y Olvido* (dir. Xavier Bermúdez, 2003).

Traballou nas series da Televisión de Galicia *Pratos combinados*, *Galicia exprés*, *Avenida de América*, *Terras de Miranda* e *As leis de Celavella* e, noutras facetas escénicas, dirixiu as pezas *A caza do snark*, *Gaivotas subterráneas*, *Dany e Roberta* e *Parella aberta*, entre outras.

Dentro da súa traxectoria profesional tamén sobresa a súa actividade como escenógrafo, decorador, realizador de atrezzo, figurinista e iluminador en máis dun centro de producións. De feito, recibiu os Premios Compostela á mellor escenografía por *Saxo tenor* (para a compañía Teatro do Aquí 1993) e por *Electra* (Uvegá Teatro, 1995) e foi nominado ao Premio María Casares 1999 á mellor escenografía por *Memoria de Antígona* do CDG, ao Premio María Casares 2002 ao mellor vestiario por *Rosalía* do CDG e ao Premio Mestre Mateo 2006, tamén na categoría de mellor vestiario, pola longametraxe *León y Olvido*.

## Pepe Soto

### *Xan de Nartallo, O Tarelo*



Actor de teatro, cine e televisión, comezou a traballar no mundo da escena para Teatro Xalgarete, compañía coa que actúa desde 1979 e até 1990 nunha ducia de espectáculos: *A farsa das zocas*, de Ricardo Carballo Calero, *Ferreiro de Santén*, de Varela Buxán, *A carauta*, de Eduardo Blanco Amor, *Ledañas pola morte do Me-co*, de Roberto Vidal Bolaño, *Cabodano*, de Euloxio Ruibal, *Laudamico, señor de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño, *A cuadratura do círculo*, de V. Katniev, *A cantante calva*, de E. Jonescu, *Rei de Sodoma*, de Fernando Arrabal, *Don Guieiro Caramelleiro* (obra de monicreques escrita, dirixida e interpretada por el mesmo), *De par en par* e *Fálame de ti* de Franca Rume e Darío Fo.

Completan a súa traxectoria interpretativa a súa participación nas montaxes de Teatro do Noroeste *Os xustos*, de Albert Camus (con dirección de Eduardo Alonso, 1991) e *Galileo Galilei*, de Bertolt Brecht (Eduardo Alonso, 1993); así como en *Venenos* de Xesús Pisón (dir. Manuel Lourenzo, 1996) para Uvegá Teatro. A partir do ano 2000 forma parte do elenco de *Doentes*, montaxe escrita e dirixida por Vidal Bolaño para Teatro do Aquí; *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas, dirixida por Ánxeles Cuña para Sarabela Teatro; e *Romance de lobos*, de Valle-Inclán (dir. Ángel Facio, Teatro Español). Os seus máis recentes traballos foron nas producións de Os Quintilláns *A diáspora* (2006), *No fondo do mar* (2007), *Arrieiros* (2009) e *Apropósitos* (2009), ademais de *Pan. Catro propostas arredor da malla* (2008) para Voltaedalle e *Los cuernos de don Friolera* (2009) para Teatro Español.

Pepe Soto ten traballado anteriormente co Centro Dramático Galego en *Un sueño de verán* (baixo a dirección de Eduardo Alonso, 1992), *A fiestra valdeira* (dir. Xúlio Lago, 1995), *Lugar* (Antonio Simón, 1998), *Xelmírez ou a gloria de Compostela* (Roberto Vidal Bolaño, 1999), *A cacatúa verde* (Eduardo Alonso, 2002) e *O velorio* (Antonio Simón, 2003).

No medio audiovisual, figurou como intérprete nas series de ficción da Televisión de Galicia *Pratos combinados*, *Pequeno Hotel*, *Rías Baixas*, *Cuarto sen ascensor*, ou *Homes e mulleres*.

## Agustín Vega

### Cardenal Payá e Rico



Titulado en Arte Dramática, na especialidade de Interpretación, polo Institut de Teatre de Barcelona en 1978, é membro fundador da Sociedade Cooperativa de Traballo asociado Escola Dramática Galega na Coruña, de cuxo consello rector forma parte entre 1977 e 1995. Na súa traxectoria profesional tamén sobresaí a fundación dos Premios de “Teatro Breve” da Escola Dramática Galega e a edición dos Cadernos da Escola Dramática Galega desde maio de 1978 até maio de 1994 (104 números).

Como actor participou en numerosas montaxes producidas por Teatro Circo –*Romería ás Covas do Demo*, de Manuel Lourenzo, *Erros e ferros e Pedro Madruga*, de Manuel Lourenzo, *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño*, de F. Araúxo, *Zardigot*, de Euloxio Ruibal e *Macbeth*, de William Shakespeare–, Librescena –*O barbeiro de Sevilla* de Beaumarchais, *Cyrano de Bergerac*, de Edmon Rostand, *A morte e a doncela*, de Ariel Dorfman e *Os cárceres do olvido*, de I. Antonio– e Escola Dramática Galega –*Para que queredes un poeta vivo*, de varios autores. Para o Centro Dramático Galego actuou en *As tres irmáns* (1987) de Chekhov.

Encargouse, ademais, da dirección de *Acreedores*, de Strindberg para Teatro Estudio, *Un día calquera* de O’Neil para Espello Cóncavo e *A voda de Esganarello* de Molière, *Para que queredes un poeta vivo*, Chekhov, Chekhov, de A. Chekhov, *Adeus Madelon*, de Manuel Lourenzo, estas últimas para a Escola Dramática Galega.

A súa actividade teatral esténdese igualmente ao mundo da radio, medio no que traballou como actor e director en diversos programas para RNE como *A doncela guerreira* de Rafael Dieste, *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao ou *La cabeza del Bautista*, de Valle Inclán.

Canto a súa actividade docente, destaca o seu traballo como profesor de interpretación nos cursos de iniciación da Escola Dramática Galega xunto cos profesores Manuel Lourenzo, Amparo Gómez e Xan M. López Eirís.

## Marcos Viéitez

*Viaxeiro do tren, o barbeiro, home 1, doutor*



Durante a súa carreira profesional como actor de teatro, Marcos Viéitez participou nunha ducia de espectáculos producidos polo Centro Dramático Galego: *Ricardo III*, de William Shakespeare (2005); *O ano do cometa*, de Álvaro Cunqueiro (2004); *Lugar*, de Raúl Dans (1999); *Memoria de Antígona*, de Quico Cadaval e Xabier Lama (1998); *O bufón de El Rei*, de Vicente Risco (1997); *Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron*, de Aristófanes (1997); *Como en Irlanda*, textos de Villar Ponte e Synge (1996); *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste (1994); *A Lagarada*, de Otero Pedrayo (1992); e *O incerto señor don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro (1991).

Tamén traballou, entre outras, nas montaxes *Tolos de amor*, de Sam Shepard, e *Casa de bonecas*, de Henrik Ibsen, ambas as dúas dirixidas por Xúlio Lago; *Xogos á hora da sesta*, de Roma Mahien, baixo a dirección de Cándido Pazó; *Electra*, de Hugo von Hoffmanthal, dirixida por Alberto Bocos; e *María Soliña*, de E. Vázquez e X. M. Pazos, dirixida por Etelvino Vázquez. En 2007, púxose de novo ás ordes de Xúlio Lago na montaxe *A raíña da beleza de Leenane* para a compañía Teatro do Atlántico.

No sector audiovisual, participou nas longametraxes *Ilegal* (2003), de Ignacio Vilar, e *Heroína* (2005), de Gerardo Herrero; e na serie *As leis de Celavella*, da Televisión de Galicia.



XUNTA  
DE GALICIA

AGADIC



Axencia Galega das  
Industrias Culturais



XACOBEO 2010  
Galicia